

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 12 DE XANEIRO DE 2026, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se aproba o plan de emerxencia exterior do polígono da Grela Bens.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Decreto polo que se regula o Marco galego de microcredenciais para o traballo.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se aproba o Plan de benestar dixital.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA) e a Universidade de Vigo (UVigo) para a creación da unidade mixta de investigación especializada en computación cuántica óptica *Quantum Optical Computing Lab*, por importe de dous millóns trescentos noventa e cinco mil dez euros (2.395.010,00€).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA) e a Universidade de Santiago (USC) para a creación da unidade mixta de investigación especializada en tecnoloxías cuánticas aplicadas á física de partículas e nuclear IGFAE–CESGA *Quantum Computing Lab*, por importe dous millóns cento sesenta e tres mil trescentos euros (2.163.300,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a eximir da constitución de garantías no pagamento anticipado derivado da Resolución pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección do Igape que aproba as bases reguladoras das axudas a proxectos de descarbonización e renovación industrial de industrias tractoras nas comarcas afectadas polo peche de centrais térmicas. Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027. Territorio P2 A Coruña, e se procede á súa convocatoria para os anos 2026-2027-2028-2029, en réxime de concorrência competitiva, por un importe total de oitenta millóns de euros (80.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado "Senda na AC-542 en Ordes" cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de un millón cento dezasete mil cincocentos noventa euros con trinta e tres céntimos (1.117.590,33 €).
- Acordo polo que se toma razón da licitación por Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A. do contrato de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción de 264 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e locais na parcela Z46 do Plan parcial do ofimático (hoxe Barrio de Xuxán) na Coruña.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproban os informes relativos á localización da sede da Axencia Estatal de Saúde Pública e a presentación da candidatura de Galicia na cidade de Lugo para albergar a sede física da entidade.
- Acordo polo que se aproba o Plan galego de infeccións de transmisión sexual 2026-2030.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre a convocatoria de axudas a entidades locais para o financiamento de actuacións dirixidas a incrementar a ecoeficiencia na xestión de residuos.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre as novas accións de apoio ás familias monoparentais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe dos préstamos parcialmente reembolsables para proxectos de investimento das pequenas e medianas empresas previstos no Instrumento financeiro do programa do Fondo de transición xusta.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre os incrementos retributivos do persoal ao servizo do sector público autonómico.
- Informe sobre o cumprimento en 2025 da senda financeira dos programas de fondos europeos da política de cohesión 2021-2027.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto "Senda na PO-221. Treito Alende - A Espedregueira. Moraña" cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de trescentos sesenta e seis mil douscentos cincuenta e tres euros con setenta e cinco céntimos (366.253,75 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre a Memoria dixital de Galicia, Galiciana Semántica. Sistemas para a xestión e difusión do patrimonio.
- Informe balance da actividade do Centro Dramático Galego no ano 2025.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a concesión de axudas en materia de reestruturación e reconversión de viñedo da convocatoria 2025.
- Informe sobre a convocatoria de axudas para a transformación e comercialización de produtos agrarios en 2026.
- Informe sobre convocatorias das axudas en materia de seguros agrarios.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a orde pola que se establecen as bases e se regula o procedemento, tramitado como expediente anticipado de gasto, para a concesión en réxime de concorrência competitiva das axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA) e se convocan para o ano 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre a orde pola que se establecen as bases e se regulan os procedementos para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA) e se convocan para o ano 2026 os devanditos procedementos, tramitados como expedientes anticipados de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A REVISIÓN DO PLAN DE EMERXENCIA EXTERIOR DO POLÍGONO DA GRELA BENS

O Consello da Xunta aprobou a revisión do PEE tras a súa remisión aos concellos da Coruña e Arteixo e logo do informe favorable tanto da Comisión Galega de Protección Civil como do Consello Nacional de Protección Civil

O Consello da Xunta aprobou hoxe a revisión do plan de emerxencia exterior (PEE) do polígono da Grela Bens na Coruña e Arteixo, que deixa sen efecto o vixente desde finais de 2021.

Os plans de emerxencia exterior son os documentos que se elaboran para previr e, de ser o caso, mitigar as consecuencias dos posibles accidentes graves en que interveñen substancias perigosas, previamente analizados, clasificados e avaliados. Ademais, establecen as medidas de protección máis idóneas, os recursos humanos e materiais necesarios para a súa aplicación e o esquema de coordinación das autoridades, organismos e servizos chamados a intervir. Neste caso, co obxectivo de dar resposta a situacións que poidan producirse e que impliquen perigo para as persoas e bens ou consecuencias graves para o ambiente debido a un posible accidente en Repsol Petróleo, Repsol Butano e Exolum A Coruña.

O PEE prevé a estrutura organizativa e os procedementos de actuación dos medios e recursos externos para dar resposta ás situacións de emerxencia con afectación ao exterior dos establecementos; establece os sistemas de coordinación coas organizacións das administracións municipais e os criterios para a elaboración dos seus plans de actuación municipal; especifica os procedementos de información á poboación sobre as medidas de seguridade que deban tomarse e sobre o comportamento para adoptar en caso de accidente; cataloga os medios e recursos específicos ao dispor das actuacións previstas e garante a implantación e mantemento do plan.

En cumprimento do artigo 33 da Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia, a renovación do plan de emerxencia exterior foi remitida aos concellos de Arteixo e A Coruña. Posteriormente, o Pleno da Comisión Galega de Protección Civil emitiu informe favorable que foi elevado ao Consello Nacional de Protección Civil, que emitiu informe favorable no mes de decembro de 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA CREA UN MARCO PIONEIRO DE MICROCREDENCIAIS PARA QUE AS EMPRESAS DESEÑEN E IMPARTAN FORMACIÓN CURTA E CERTIFICADA Á SÚA MEDIDA

- O Consello aproba un decreto que habilita por primeira vez en Galicia un espazo oficial para certificar competencias profesionais de forma rápida e flexible
- O presidente salienta que Galicia é a primeira comunidade en regular este tipo de formación para “adaptala ás necesidades reais do tecido empresarial”
- As empresas, clústeres, asociacións ou colexios profesionais poderán deseñar, impartir, avaliar e mesmo emitir as microcredenciais segundo as súas necesidades dentro dun marco regulado pola Xunta, que garante a calidade destas certificacións
- Polo tanto, esta ferramenta facilitará ao tecido produtivo reducir tempos de adaptación a postos de traballo ou novas tecnoloxías, mellorar procesos de promoción interna e acelerar a incorporación de talento
- Tamén a través deste mesmo espazo, as persoas traballadoras poderán acreditar habilidades específicas e incorporalas ao seu currículo dixital, en coherencia co marco europeo de microcredenciais e reforzando a súa mobilidade profesional
- O conselleiro de Emprego salienta a aposta da Xunta por promover “unha formación laboral continua e inclusiva”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello aprobou o decreto que permitirá “que Galicia sexa pioneira en España na regulación das microcredenciais” no ámbito da formación para o emprego. O obxectivo é “adaptar a formación laboral ás necesidades reais do tecido empresarial” optando por unha oferta “breve, flexible e incluso á carta”.

A través deste decreto, Galicia contará por primeira vez cun sistema oficial que permitirá ás empresas crear formación curta, práctica e certificada segundo as súas necesidades reais, ao tempo que facilita ás persoas traballadoras acreditar competencias específicas de forma áxil e recoñecida, sen depender de itinerarios longos ou ríxidos. Este modelo complementase co resto da oferta formativa, alíñase coas recomendacións da UE e contribúe a mellorar a empregabilidade e reforzar a competitividade empresarial. “Queremos acompañar ao tecido empresarial atendendo as necesidades dun mercado laboral moi cambiante”, indicou o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González.

Definición e obxectivo das microcredenciais

A nivel técnico, as microcredenciais son certificacións dixitais que acreditan coñecementos, competencias ou capacidades adquiridas a través de experiencias de aprendizaxe breves, prácticas e orientadas ao mercado. Inclúen sempre unha avaliación final e están deseñadas coa participación directa dos sectores produtivos.

Por exemplo, unha microcredencial pode acreditar que unha persoa domina un novo proceso dixital nunha empresa ou sabe empregar ferramentas de análise de datos. Ou un clúster pode identificar unha necesidade común e transformala nunha experiencia de aprendizaxe non formal, curta –de entre 10 e 100 horas de duración, tal e como

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

establece o decreto—, práctica e con avaliación, cuxa superación dá lugar a unha certificación dixital verificable que a persoa poderá incorporar ao seu currículo. É dicir, “o traballador poderá certificar ese coñecemento cara outras empresas”, indicou o conselleiro, quen remarcou que este sistema afonda na aposta da Xunta por promover “a formación laboral continua e inclusiva”.

Un marco oficial con garantías

O decreto, que se publicará en vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia* e entrará en vigor un mes despois, crea e regula —da man dos principais axentes do mercado laboral e cumprindo cun compromiso electoral— o Marco galego de microcredenciais para o traballo. Este establece as regras para deseñar, impartir, avaliar e certificar este tipo de formación curta, garantindo a súa calidade, utilidade e recoñecemento. A través deste marco, as microcredenciais contarán cun sistema público de calidade, verificación e rastrexabilidade, o que facilitará o seu recoñecemento oficial e reforzará a mobilidade profesional das persoas traballadoras.

A implantación será progresiva ao longo dos vindeiros meses, apoiada no despregamento do sistema de calidade —que garantirá o estándar común— e en novas ferramentas dixitais que permitirán consultar, verificar e compartir as microcredenciais de forma sinxela, con fitos como a conta persoal de formación, accesible en liña. Estes novos recursos estarán vencellados a EMI, cuxa aplicación estará dispoñible este mesmo ano.

Na práctica, as microcredenciais amparadas por este espazo terán unha duración curta, poderán impartirse de forma presencial, en liña ou mixta e incluírán sempre a avaliación final. Toda a información se publicará nun portal dixital común accesible para persoas e empresas, facilitando a inscrición e o seguimento das certificacións obtidas.

Formación á medida das empresas

Este novo marco permitirá que empresas, clústeres, asociacións profesionais ou colexios profesionais de calquera sector poidan, unha vez acreditados segundo o recollido no decreto, crear formación específica para as competencias que realmente necesitan, sen depender de catálogos pechados ou centralizados. As futuras microcredenciais homologadas facilitarán ás empresas reducir tempos de adaptación aos postos de traballo, procesos ou novas tecnoloxías; mellorar os procesos de selección e promoción interna e acelerar a incorporación de talento con competencias xa acreditadas.

Unha vía rápida para mellorar a empregabilidade

Para as persoas traballadoras —ocupadas ou desempregadas—, as microcredenciais supoñen unha vía rápida para actualizar competencias, adaptarse a cambios tecnolóxicos e mellorar as súas oportunidades laborais sen ter que cursar formacións longas. Ao tratarse de certificacións acumulables e compatibles, poderán incorporalas á súa conta formativa e presentalas ante as empresas como acreditación oficial de competencias específicas a través dun decreto co que Galicia dá un paso estratéxico e reforza a súa posición á vangarda da formación para o emprego baseada en competencias reais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O conselleiro anunciou que unha vez aprobado este decreto, ao longo deste ano 2026, vaise levar a cabo “un proxecto piloto de microcredenciais en competencias dixitais especializadas”.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APROBA O PLAN INTEGRAL DE BENESTAR DIXITAL, QUE INCLÚE UN CONTRATO DE VIDA EN LIÑA PARA FOMENTAR A RESPONSABILIDADE E A DESCONEXIÓN DO ALUMNADO

- O Consello da Xunta valida esta folla de ruta que inclúe medio cento de accións para xestionar de forma axeitada o uso das tecnoloxías no eido educativo
- Destaca que o plan da Consellería de Educación leva aparellado un orzamento de 7,4 millóns de euros para desenvolver estas actuacións nun período de cinco anos ata 2030
- Sinala que o Contrato de vida dixital será un documento voluntario que asinarán o centro e o alumnado, de acordo coa familia, sobre uso das tecnoloxías fóra do horario escolar
- Nel inclúiranse unha serie de obrigas para o estudante sobre tempos, horarios e usos dos dispositivos dixitais e farase un seguimento do seu cumprimento
- Impulsarase a actuación coordinada entre a escola, as familias, as administracións públicas e a industria tecnolóxica para garantir un ecosistema dixital seguro
- Crearase un foro anual de reflexión para revisar a evolución do plan, así como accións de sensibilización e de formación do alumnado, familias e profesorado
- Este plan súmase a outras accións como a futura e pioneira Lei de educación dixital, a actualización do E-Dixgal ou a prohibición dos móbiles nos espazos escolares

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello aprobou o Plan integral de benestar dixital, que será, a partir de agora, a folla de ruta para xestionar de forma axeitada a utilización das tecnoloxías no eido educativo e contribuír, deste xeito, á formación de cidadáns dixitais que fagan un uso consciente, responsable e comprometido destas. O documento, que leva aparellado un orzamento de 7,4 M€, inclúe un paquete de “medio cento de medidas” estruturadas en cinco eixes para desenvolver ao longo de cinco anos ata 2030.

Segundo abundou Rueda, o plan, deseñado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, nace co obxectivo de blindar os centros educativos como “contornas dixitais seguras” e saudables onde a innovación avance da man da protección, da igualdade de oportunidades e da defensa dos dereitos e da dignidade das persoas.

Así pois, a través del afóndase na corresponsabilidade e coordinación entre a escola, as familias, as administracións públicas e a industria tecnolóxica para promover o uso responsable da tecnoloxía e a convivencia saudable cos dispositivos dixitais co fin de garantir o benestar emocional na infancia e na adolescencia, traballar na mellora do rendemento escolar e procurar a convivencia equilibrada a prol dun ensino híbrido.

En concreto, o Plan de benestar dixital quere incidir en seis dimensións do impacto tecnolóxico: as condutas de risco e ciberseguridade, os hábitos de vida saudables, a garantía dos dereitos e dos valores democráticos, a convivencia escolar e familiar, a aprendizaxe e desenvolvemento cognitivo e a socialización e o desenvolvemento persoal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Aproveitar oportunidade e minimizar riscos

O Plan integral de benestar dixital nace, entre outros, do reto de que os escolares empreguen as tecnoloxías aproveitando ao máximo as súas potencialidades e, ao mesmo tempo, minimizando os seus riscos. Precisamente, un dos obxectivos desta folla de ruta é o desenvolvemento do pensamento crítico e a capacidade de toma de decisións informadas á hora de facer uso da tecnoloxía por parte dos estudantes.

Para isto, o presidente destacou que entre as principais actuacións está a posta en marcha do chamado *Contrato de vida dixital* que busca fomentar a responsabilidade e o compromiso do alumnado. Trátase dun documento de carácter voluntario que asinarán o centro e o alumno, de acordo coa familia, relativo ao uso das tecnoloxías “fóra do horario escolar”. Neste contrato estableceranse unha serie de “obrigas para o alumno” no que atinxe aos tempos, horarios e usos dos dispositivos dixitais e farase un seguimento do seu cumprimento.

A Consellería de Educación facilitará aos centros o documento así como orientacións específicas para facer efectivo o contrato. Nese sentido, incluíranse accións como retos de desconexión dixital como método pedagóxico que contribúa a un uso equilibrado.

Dado que este é un ámbito en continua actualización onde a evidencia científica avanza progresivamente, o plan prevé a creación do Foro galego de benestar dixital, un espazo de reflexión colectiva sobre tecnoloxía e infancia que se reunirá anualmente para debater a evolución do plan cos diferentes profesionais e colectivos implicados nel.

Pensamento crítico e decisións informadas

Rueda sinalou que tamén se introducirá un programa de formación específico para o alumnado sobre alfabetización mediática, verificación de información e intelixencia artificial. En concreto, o programa *Na procura da lozada* buscará desenvolver habilidades coas que identificar, analizar e verificar información co fin de detectar e “prever a difusión de noticias falsas”.

Deseñarase, así mesmo, unha unidade didáctica que permita aos estudantes identificar, analizar e reflexionar sobre as principais vulneracións de dereitos en contornas dixitais.

Alianza complementaria entre familia e escola

Dado que as familias desempeñan un papel fundamental na educación dixital dos seus fillos desde idades moi temperás, o plan fai especial fincapé na colaboración entre estas e a escola a través dunha alianza onde ambas as partes se complementen.

Partindo da boa acollida da experiencia piloto das charlas e talleres para familias iniciados a finais do pasado ano, o Plan de benestar dixital incidirá nunha serie de accións para formalas e axudalas no labor de acompañamento aos seus fillos neste eido. Entre as medidas previstas está o desenvolvemento do programa de formación *Encontros coas familias*, para proporcionar estratexias de actuación, resolver dúbidas e formalos no uso de ferramentas de control e seguimento das ferramentas dixitais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén se publicará a guía *Clic familiar*, con pímulas audiovisuais de profesionais de diferentes ámbitos que ofrezan recomendacións sobre hábitos dixitais saudables.

Prevese, igualmente, a posta en marcha dun programa afectivo-sexual integral, adaptado ás características evolutivas do alumnado e orientado a uso seguro e responsable do ámbito dixital. Con este fin, realizarase tamén unha guía de conduta afectivo-sexual adaptada aos distintos niveis e rangos de idade dos escolares.

No eido do profesorado, traballarase na formación especializada para mellorar o seu desempeño e habilidades en contornas educativas dixitais, o que os axudará tamén a identificar e previr situacións de risco. Así mesmo, tamén se porán en marcha accións enfocadas ao benestar emocional do propio profesorado ante a dixitalización.

Sensibilización sobre os dereitos no eido dixital

Dentro do eixo de sensibilización sobre os dereitos no eido dixital, o plan abrangue unha campaña informativa adaptada a diferentes colectivos para informar dos dereitos esenciais do desenvolvemento tecnolóxico ou a posta en marcha do paquete educativo *O bosque dos dereitos*, que contará con dilemas, actividades e retos por nivel educativo.

Tamén se fará unha feira dixital anual dirixida a centros educativos e familias, celebrarase o Día internacional da protección de datos e o Día internacional da internet segura nos centros educativos, que terán á súa disposición materiais e recursos para traballar a concienciación sobre o uso responsable da información. Para iso, convocarase un concurso de carteis, vídeos ou microaudios elaborados polo alumnado.

Atender as demandas da comunidade educativa

Rueda destacou que coa aprobación do Plan integral de benestar dixital “dáse resposta a unha demanda da comunidade educativa” no marco da futura Lei de educación dixital de Galicia, un texto que, tal e como destacou o presidente, é pioneiro a nivel estatal e europeo, e que se atopa en tramitación para entrar en vigor o vindeiro curso, así como con outras medidas como a actualización do programa E-Dixgal ou a prohibición do uso de dispositivos móbiles nos espazos educativos.

Neste senso, o Plan de benestar dixital prevé a avaliación periódica do programa E-Dixgal co fin de introducir melloras continuas e a elaboración de orientacións para que os colexios e institutos incorporen no seu Plan dixital do centro aspectos relacionados co equilibrio entre a tecnoloxía, a seguridade e a saúde emocional.

Elaborado por expertos en diferentes ámbitos

Para a elaboración do documento, que agora, tras a aprobación no Consello da Xunta, se porá á disposición da comunidade educativa, contouse coas achegas de recoñecidos expertos dos eidos da docencia, da pedagogía, da psicoloxía, da tecnoloxía e da medicina.

En concreto, estiveron implicados Antonio Rial Boubeta, profesor do Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía da USC; Susana Rey García, médico pediatra e presidenta da Sociedade de Pediatría de Galicia; María Dolores Fernández Tilve, profesora do Departamento de Pedagogía e Didáctica da USC; Fernando Suárez,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

presidente do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia, e o doutor en Dereito, Julio José Fernández, entre outros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CESGA ALÍASE COA USC E A UVIGO PARA CREAR DOUS LABORATORIOS DE INVESTIGACIÓN CUÁNTICA COMPARTIDOS

- O Consello da Xunta autoriza dous convenios de colaboración que suporán un investimento de 4,6 M€ e reforzarán o liderado de Galicia neste eido da I+G+i
- O IGFAE da USC acollerá o laboratorio *Quantum Computing Lab* especializado en tecnoloxías cuánticas aplicadas á física de partículas e nuclear
- O VQCC, centro do AtlanTTic da UVigo, será sede do laboratorio *Quantum Optical Computing Lab* dedicado á investigación en computación cuántica óptica

Galicia dá un novo paso para reforzar o seu liderado en tecnoloxías cuánticas. Con este fin, o CESGA (Centro de Supercomputación de Galicia) contará este ano con dous laboratorios mixtos de investigación nesta materia compartidos coas universidades de Santiago de Compostela e de Vigo grazas a un investimento de 4,6 millóns de euros.

O Consello da Xunta autorizou hoxe dous convenios que farán posible que o sistema de I+G+i galego se dote destas novas infraestruturas científicas, onde se traballará no desenvolvemento de dous procesadores cuánticos, entrando de cheo na carreira do deseño deste tipo de equipamentos. En concreto, esta colaboración articularase entre o CESGA e dous centros de investigación universitaria da Rede CIGUS. Un deles situarase no IGFAE (Instituto Galego de Física de Altas Enerxías) da USC e estará especializado en tecnoloxías cuánticas aplicadas á física de partículas e nuclear. O outro estará localizado no VQCC (Vigo *Quantum Communication Center*), dependente do AtlanTTic (Centro de investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación) da UVigo, e dedicarase á investigación en computación cuántica óptica.

A computación cuántica está definida como unha iniciativa de alto impacto no Plan galego de investigación e innovación 25-27, o que amosa a aposta do Executivo autonómico neste campo innovador. Agora, estes acordos buscan reforzar o liderado de Galicia logo de encadear varios fitos neste sentido. En concreto, a Xunta está a construír un novo edificio para CESGA en Santiago, onde ampliará as súas capacidades cun novo ordenador cuántico, un novo supercomputador e un sistema de almacenamento de datos. Ademais, inaugurouse recentemente entre Santiago e Vigo a liña de comunicación cuántica máis longa de España, e Galicia participará no primeiro Centro Europeo de Excelencia Cuántica (QEX) en Europa, a través do CESGA e das universidades de Santiago e A Coruña, co obxectivo de desenvolver estas tecnoloxías cuánticas en Europa.

Coa creación destes laboratorios, a Xunta está facendo unha aposta decidida pola investigación de fronteira (que explora os límites do coñecemento actual) e polas tecnoloxías cuánticas como motor de desenvolvemento económico que aumenta a capacidade de competitividade. Trátase de liñas punteiras de investigación que nos próximos anos serán fundamentais para dar respostas innovadoras a retos sociais e empresariais. Ademais, consolídase o CESGA como infraestrutura científica de referencia e contribúese a proxección internacional de Galicia como polo de tecnoloxías cuánticas, reforzando a imaxe de Galicia como territorio de ciencia e innovación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Persoal, equipamento e infraestruturas

Concretamente, o convenio entre CESGA e IGFAE posibilitará crear o IGFAE-CESGA *Quantum Computing Lab*, un laboratorio conxunto ao cal se destinarán case 2,2M€ en 2026 para impulsar as súas liñas de investigación e contribuír ao fortalecemento do ecosistema galego e europeo en ciencia e tecnoloxías cuánticas. Mentres, o convenio entre CESGA e VQCC, que conta cun orzamento de 2,4 M€ nesta anualidade, porá en marcha o laboratorio *Quantum Optical Computing Lab* para cubrir unha liña de investigación sobre computación cuántica óptica como unha plataforma experimental específica, consolidándose así como infraestrutura singular da nosa I+G+i.

Ambos os convenios posibilitarán a dotación de recursos humanos, equipamento e infraestruturas técnicas aportados por ambas partes e seguirán un modelo de gobernanza compartida entre institucións, tanto no ámbito operativo como no científico. Concretamente, o CESGA achegará a través destes convenios 4,6 M€ cofinanciados a través do PERTE Chip e de fondos propios da Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e FP, mentres que as universidades comprométese a asumir a consolidación e sustentabilidade operativa destes laboratorios. De feito, o laboratorio entre o CESGA e o IGFAE concíbese cunha vixencia indefinida, mentres que o do CESGA e o VQCC establece unha duración inicial de catro anos con posibilidade de prórroga.

A física de partículas e nuclear na USC

No caso do laboratorio do CESGA e o IGFAE, aplicarase á física de partículas, a física nuclear e á física fundamental, incluíndo liñas de investigación sobre simulación cuántica analóxica, plataformas experimentais (átomos fríos, ións atrapados, cúbits superconductores) e metodoloxías de detección e mitigación de erros, con especial atención á resiliencia fronte a perturbacións externas e radiación ambiental. Isto permitirá estudar e descubrir novas solucións a problemas moi relevantes neste eido.

Este laboratorio traballará cara o desenvolvemento dun procesador cuántico especialmente deseñado para estudar e facer novos descubrimentos en física de partículas e física nuclear. Por exemplo, poderíase afondar na estrutura do núcleo atómico e poderase realizar simulacións. Un computador destas características neste laboratorio tamén permitiría introducir elementos para simular chorros de partículas e estudar as propiedades dun novo material chamado plasma de quarks e gluons que se produce no CERN.

O centro de excelencia da USC contribuirá coa súa experiencia en electrónica rápida, crio xenia, baleiro, imaxe fluorescente, microelectrónica e análise de datos, así como con persoal científico e técnico propio, mentres que o CESGA achegará as súas capacidades en infraestrutura computacional avanzada e soporte tecnolóxico especializado.

A cuántica óptica na UVigo

Pola súa banda, o laboratorio sobre computación cuántica óptica entre o CESGA e o AtlanTTic concíbese como unha infraestrutura aberta para facilitar a colaboración con investigadores externos mediante protocolos comúns, integrándose academicamente na UVigo e formando parte, ao mesmo tempo, da infraestrutura científica do CESGA.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Co desenvolvemento deste novo sistema de procesador cuántico óptico poderíanse resolver problemas de optimización moito máis rápido e consumindo menos enerxía que procesadores clásicos. Este procesador podería servir para acelerar múltiples algoritmos de intelixencia artificial e terá utilidades en deseño de materiais, loxística, planificación sanitaria ou bioinformática.

Ademais, o *Quantum Optical Computing Lab* permite posicionar o CESGA dentro da plataforma experimental da futura Fábrica europea de intelixencia artificial debido ás súas sinerxías e a potencialidade para executar algoritmos de IA de forma máis eficiente, contribuíndo á investigación e o desenvolvemento de infraestruturas de computación de vangarda e á mellora da soberanía tecnolóxica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MOBILIZA MÁIS DE 100 M€ DOS FONDOS DE TRANSICIÓN XUSTA PARA ATRAER GRANDES PROXECTOS INDUSTRIAIS E APOIAR ÁS PEMES NA PROVINCIA DA CORUÑA

- Rueda resalta os 80 M€ para unha nova liña de axudas que busca promover grandes proxectos industriais vinculados á descarbonización e á transformación do tecido produtivo
- Destaca que os apoios están dirixidos a proxectos "cun investimento mínimo de 10 M€" e cada un poderá recibir "ata un máximo de 30 M€"
- De xeito complementario, actívase unha liña de 22 M€ en préstamos combinados con subvencións a fondo perdido para pemes
- Estes préstamos permitirán apoiar a creación de novos establecementos, a diversificación da produción, a transformación de procesos e a ampliación da capacidade produtiva, combinando subvencións e financiamento directo

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello acordou na súa reunión semanal "mobilizar máis de 100 millóns de euros do Programa do fondo de transición xusta para atraer grandes proxectos industriais e apoiar ás pemes na provincia da Coruña". O obxectivo é poñer en marcha unha batería de medidas para impulsar unha transición económica equilibrada nos territorios máis afectados polo peche de explotacións mineiras e centrais térmicas de carbón.

En concreto, a Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, destina 80 millóns de euros a unha nova liña de axudas dirixida ao financiamento de proxectos de descarbonización e renovación industrial de industrias tractoras, con capacidade para transformar o tecido produtivo, modernizar os procesos industriais e xerar actividade económica sustentable a medio e longo prazo.

Tal e como explicou o presidente, os proxectos subvencionables deberán localizarse nas comarcas de Ordes, onde se situaba a central de Meirama, Eume, onde se emprazaba a central térmica das Pontes, e Ferrol, así como "nos concellos da Laracha, Carral, Ortigueira, Cerdido e Mañón", ao tratarse das zonas directamente afectadas polo proceso de transición enerxética.

"Van dirixidas a proxectos que impliquen un investimento mínimo de 10 millóns de euros e poderán recibir ata 30 millóns" por empresa e proxecto, indicou o presidente, quen explicou que se valorarán especialmente que as iniciativas contribúan de maneira significativa á diminución das emisións de gases de efecto invernadoiro, ao avance cara á neutralidade climática e á creación de emprego estable e de calidade no territorio. Neste sentido, os proxectos deberán supoñer a creación neta de postos de traballo indefinidos, reforzando así o impacto social positivo das actuacións financiadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As axudas están orientadas tanto a proxectos de investimento rexional como a proxectos de protección do ambiente, incluída a descarbonización, de acordo coa normativa europea vixente.

Préstamos con axudas a fondo perdido

De xeito complementario, Rueda anunciou que a Xunta “destina 22 millóns de euros a unha nova edición de préstamos parcialmente reembolsables para pequenas e medianas empresas” na provincia da Coruña.

Esta liña permitirá apoiar actuacións orientadas á creación de novos establecementos, á ampliación da capacidade produtiva, á diversificación da produción ou á transformación fundamental dos procesos produtivos existentes.

Neste caso, o investimento mínimo é de 60.000 euros e poderá executarse en toda a provincias. Os proxectos deberán manter o emprego existente e crear novos postos de traballo, contribuíndo así á consolidación do tecido empresarial, á xeración de actividade económica e á fixación de poboación no territorio.

O conxunto destas actuacións supón un importe total de 102 millóns de euros no inicio do ano 2026 no marco dos Fondos de transición xusta, reafirmando o compromiso da Xunta de Galicia cunha transición xusta, que compatibilice os obxectivos climáticos coa reindustrialización, coa competitividade empresarial e coa creación de oportunidades de emprego de calidade.

As dúas convocatorias publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* o vindeiro 14 de xaneiro e contarán cun prazo de presentación de solicitudes de tres meses en ambos os casos, co obxectivo de facilitar ás empresas o acceso ás axudas e ao financiamento previsto nestas liñas de apoios cofinanciadas pola Unión Europea a través do programa do Fondo de transición xusta 2021-2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE TRAZADO PARA CONSTRUIR UNHA NOVA SENDA NA ESTRADA AC-542 EN ORDES, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE CASE 1,2 M€

- O Goberno galego realizará proximamente a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións, procederase á redacción do proxecto construtivo, á súa aprobación e posterior licitación da obra
- Executarase un novo itinerario, cunha lonxitude de 1.780 metros e con dous tramos
- O primeiro treito comezará no punto quilométrico 19+600 da estrada, partindo da senda existente na marxe dereita, e continuando ata a beirarrúa do punto 20+920; e o segundo vai pola marxe esquerda, desde o punto 2 ata a glorieta cara á N-550
- Trátase de continuar a senda executada no límite de Ordes e Carral, na AC-542, con motivo do paso do Camiño Inglés, e conectala coa N-550, no Mesón do Vento

O Consello da Xunta aprobou hoxe o trámite de información pública e o proxecto de trazado para construír unha senda na estrada AC-542 en Ordes, que suporá un investimento de case 1,2M€.

A Xunta prevé realizar proximamente a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións, procederase á redacción do proxecto construtivo, á súa supervisión e aprobación, e posterior licitación da execución da obra.

O obxectivo desta intervención, que terá un prazo de execución de 6 meses, é a construción dun novo itinerario que sumará unha lonxitude total de 1.780 metros e contará con dous tramos.


O primeiro treito comezará no punto quilométrico 19+600 da estrada, partindo da senda existente na marxe dereita, e continuando ata a beirarrúa do punto 20+920.

O segundo tramo discorrerá pola marxe esquerda, desde o punto 21+000 ata a glorieta que conecta coa N-550, no punto 21+380.


Trátase de dar continuidade á senda executada no límite dos municipios de Ordes e Carral, na AC-542, con motivo do paso do Camiño Inglés, e conectala coa N-550, ao seu paso polo Mesón do Vento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plano de situación da nova senda:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSTRUIRÁ 264 NOVAS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN XUXÁN, NA CORUÑA

- Edificaranse na parcela 46, propiedade da Xunta, que inicialmente estaba destinada a uso terciario pero que cambia a residencial coa modificación do PXOM que se atopa en tramitación
- O investimento autonómico nas obras de construción destas 264 novas vivendas superará os 50,1 M€
- Con estas, son xa 476 vivendas de promoción pública as que desenvolve a Xunta na Coruña
- A modificación do PXOM tamén permitirá destinar a vivendas a parcela 44 de Xuxán, con capacidade para outras 264 vivendas
- No conxunto de Galicia estase a desenvolver máis de 3.000 vivendas públicas con cualificación permanente, mantendo o Goberno galego o compromiso de duplicar o parque público residencial nesta lexislatura ata acadar as 8.000

A Xunta construírá 264 novas vivendas de promoción pública en Xuxán, na Coruña, unha vez que remate a modificación do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) que permitirá modificar o uso de parcelas de terciario a residencial.

O Consello da Xunta tomou hoxe razón da licitación do contrato para a redacción do proxecto e dirección de obra para a construción das ditas vivendas. O contrato para a redacción do proxecto e dirección de obra licitarase por importe de máis de 1,6 M€.

O investimento autonómico estimado na execución das obras de construción destas 264 novas vivendas superará os 50,1 M€.

As 264 novas vivendas construíranse na parcela 46 de Xuxán, propiedade da Xunta, que inicialmente estaba destinada a usos terciarios pero que, por instancia do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) se destinará á construción de vivendas de promoción pública unha vez rematada a modificación puntual do PXOM por parte do concello, trámite que se atopa moi avanzado e no cal tamén se modificará o uso da parcela 44, con capacidade para outras 264 vivendas.

Con esta promoción son xa 476 as novas vivendas de promoción pública que a Xunta ten en distintas fases de execución na cidade da Coruña: 368 en parcelas propias da Xunta en Xuxán, 101 en parcelas cedidas polo concello e 7 vivendas ao abeiro do programa Rexurbe.

No conxunto de Galicia a Xunta está a desenvolver actualmente máis de 3.000 vivendas de promoción pública con cualificación permanente, mantendo o Goberno galego o compromiso de duplicar o parque público residencial nesta lexislatura e acadar as 8.000.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA A CANDIDATURA DE LUGO COMO SEDE DA AXENCIA ESTATAL DE SAÚDE PÚBLICA, QUE AFIANZARÍA O LIDERADO DE GALICIA NESTE ÁMBITO

- Galicia está á vangarda en políticas de saúde pública, co cribado neonatal máis completo de España e cun calendario vacinal de referencia internacional, é pioneira a nivel mundial na compra de vacinas por resultados en saúde e será a primeira comunidade en prohibir o consumo de vapeadores e bebidas enerxéticas a menores
- A Xunta ofrece o edificio do Departamento Territorial da Consellería de Sanidade como posible localización alternativa, para reforzar a candidatura de Lugo presentada polo Concello
- Achega informes sectoriais dos departamentos autonómicos de Turismo, Transportes, Vivenda, Infraestruturas e Educación para completar a proposta
- Lugo cumpre os requisitos de conexión con transporte público, tanto ferroviario e por estrada, como aéreo, ao estar a menos de 100 km do aeroporto internacional de Santiago de Compostela
- A cidade conta con campus universitario e cunha oferta axeitada de aloxamentos hoteleiros e de vivenda para a residencia do persoal da axencia estatal, que prevé 60 profesionais o primeiro ano e podería chegar ata 300

A Xunta apoia a candidatura de Lugo para albergar a sede da Axencia estatal de saúde pública, recentemente creada polo Goberno central, o que afianzaría o papel de liderado que mantén Galicia nesta materia.

Despois do establecemento dos requisitos marcados polo Estado para determinar a sede física da axencia, o Consello da Xunta avala a proposta que vaia elevar o Concello de Lugo e ofrece a máxima colaboración para que a cidade sexa a escollida.

A Xunta achegará ao Concello os informes sectoriais favorables dos departamentos autonómicos implicados para avalar e apuntalar a candidatura: de Turismo, Transportes Vivenda, Axencia Galega de Infraestruturas e Educación.

De xeito complementario, para reforzar a candidatura do Concello de Lugo, a Xunta ofrece o edificio do Departamento Territorial da Consellería de Sanidade como posible localización alternativa.

O edificio do Departamento Territorial da Consellería de Sanidade, no que tamén se sitúa o Laboratorio de saúde pública de Galicia, dispón de 4.900 metros cadrados, 900 m² máis do requirido.

Este edificio está disposto para que, no seu caso, a Axencia estatal de saúde pública poida entrar en funcionamento de maneira inmediata, xa que actualmente conta con oficinas administrativas, laboratorios, salón de actos e garaxes. As adaptacións menores que fosen necesarias serían compatibles co inicio da actividade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O inmoible, propiedade da Xunta e que sería cedido ao Estado, goza dunha inmejorable situación, na rúa Montevideo, dentro de murallas.

Para o caso de que esta sexa a localización elixida, a Consellería de Sanidade ten xa previstas opcións de traslado do Laboratorio de saúde pública de Galicia, ou ben a dúas plantas do Hospital de Calde, ou ben ao soto do Hospital Universitario Lucus Augusti; así como do Departamento Territorial, que se podería desprazar á cuarta planta do Centro Integral de Saúde de Lugo ou a un edificio titularidade do Instituto Nacional da Seguridade Social na praza de Ferrol.

Ata 300 novos postos de traballo

Calcúlase que a Axencia de Saúde Pública contará con 60 profesionais o primeiro ano e, en función do despregue e as posibilidades orzamentarias do Goberno central, podería chegar a empregar a 300 persoas.

A candidatura galega, da cidade de Lugo como sede da axencia, conta cunha rede de acceso a medios de transporte público, tanto ferroviario como por estrada e, ao estar a 90 km do aeroporto internacional de Santiago de Compostela-Rosalía de Castro, tamén transporte aéreo. Ademais dispón dunha oferta axeitada de aloxamento para visitas institucionais e de traballo e unha oferta inmobiliaria suficiente, en compra ou alugueiro, para a residencia do persoal que formará parte da axencia.

A cidade de Lugo destaca tamén por un sector empresarial, administrativo, educativo e universitario dinámico. En concreto, no campus de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela teñen a súa sede cinco facultades, incluída veterinaria, unha escola politécnica superior e dúas escolas universitarias adscritas que suman algo máis de 8.000 estudantes e unha oferta académica de 17 graos, 12 mestrados e 9 programas de doutorado.

Medidas á vangarda da saúde pública

A candidatura galega parte, ademais, do liderado do Goberno galego en materia de saúde pública, que se demostra con medidas como a próxima entrada en vigor da Lei que prohíbe o consumo e venda de cigarros electrónicos e bebidas enerxéticas a menores, polos seus prexuízos para a saúde.

Galicia foi tamén pioneira, a nivel mundial, na adquisición de vacinas baseada en resultados en saúde, no caso das vacinas de alta carga fronte á gripe. En vacinación, ademais, a comunidade galega acada as taxas de cobertura fronte á gripe e á covid máis altas de España e ofrece o calendario de inmunización para toda a vida máis amplo, sendo unha referencia a nivel internacional

A sanidade pública galega dispón do cribado neonatal máis completo de España, coa detección de 37 patoloxías conxénitas, o triplo do mínimo marcado polo sistema nacional de saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Continuando con programas de detección precoz, a Xunta conta con innovadores cribados como o de hepatitis C ou os programas de cribado de cancro de mama, cervix e colon, ademais de programas piloto de cribado de cancro de pulmón e de próstata. Ademais, está en marcha o ambicioso proxecto Xenoma Galicia, que busca secuenciar o ADN de 400.000 galegos para crear un mapa xenético e avanzar na medicina personalizada. En concreto, identificaranse variantes de alto risco para cancro de mama e ovario hereditario, síndrome de Lynch e hipercolesterolemia familiar. O proxecto situará Galicia á vangarda da investigación xenómica e da saúde pública.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PLAN GALEGO DE INFECCIÓN DE TRANSMISIÓN SEXUAL 2026-2030, DOTADO CON 195 M€

- O obxectivo do Plan é promover, impulsar e coordinar as actuacións necesarias para a eliminación das infeccións de transmisión sexual como problema de saúde pública en Galicia en 2030
- Representa un cambio de paradigma, ao pasar de falar do VIH e outras infeccións de transmisión sexual a falar de forma equitativa de todas elas e promover unha abordaxe integral
- Con 9 eixes estratéxicos e 24 liñas de acción, procura mellorar a resposta fronte ás infeccións de transmisión sexual e avanzar cara a unha mellor saúde sexual da poboación
- Realizarase cribado oportunista de VIH nos tramos de idade de maior incidencia, tanto en atención primaria como hospitalaria, e ampliarase o cribado oportunista de hepatite C á cohorte de 40 a 49 anos, incluíndo, ademais o de hepatite B
- Nos grupos de idade de maior incidencia ou risco ofertarase a detección doutras infeccións de transmisión sexual mediante a realización de autotoma no domicilio
- O plan conta co aval científico da Academia Española de Dermatoloxía e Venereoloxía e das sociedades galegas de Medicina Interna, de Medicina Preventiva, de Microbioloxía e da Interdisciplinaria da Sida
- Preténdese facilitar un diagnóstico máis cedo, achegando probas accesibles e gratuítas, o que evita complicacións médicas e permite cortar a transmisión comunitaria
- A nivel colectivo, aumentarase a protección da saúde pública, reforzando a equidade nos grupos máis vulnerables e mellorando a coordinación entre servizos sanitarios, educativos e sociais

O Executivo galego aprobou, na súa reunión semanal, o Plan galego de infeccións de transmisión sexual 2026-2030, dotado con 195 millóns de euros no seu período de vixencia.

O Plan conta con 9 eixes e 24 liñas de acción e ten como obxectivo xeral o de promover, impulsar e coordinar as actuacións necesarias para a eliminación destas infeccións de transmisión sexual como problema de saúde pública en Galicia para o ano 2030.

O Plan representa un cambio de paradigma, pasando de falar do VIH e outras infeccións de transmisión sexual a falar de forma equitativa de todas estas infeccións. Deste xeito, establécese unha abordaxe integral baseada na prevención, no diagnóstico precoz e no tratamento destas infeccións, na atención á súa cronicidade e na mellora da calidade de vida das persoas afectadas.

As infeccións de transmisión sexual constitúen un importante problema de saúde pública a nivel mundial e son unha das principais causas de enfermidade aguda,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

infertilidade, discapacidade a longo prazo e morte, con graves repercusións clínicas e psicolóxicas e con importantes custos económicos e sociais.

Existen máis de 30 tipos de infeccións de transmisión sexual, como a gonorrea, a sífilis, o VIH, a varíola do mono, o herpes xenital, o linfogranuloma venéreo ou o virus do papiloma humano (VPH). Así mesmo, cómpre ter en conta infeccións como as hepatites víricas A, B e C, que se ben non son estritamente infeccións de transmisión sexual, poden transmitirse por vía sexual en determinados contextos, especialmente a hepatite B.

O plan preséntase pois desde unha perspectiva integral, baseada na evidencia científica, nos dereitos sexuais, na redución do estigma e na equidade no acceso á atención. Deste xeito, procura mellorar a resposta fronte ás infeccións de transmisión sexual e avanzar cara a unha mellor saúde sexual para o conxunto da poboación.

O plan foi elaborado pola Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, co apoio do Servizo Galego de Saúde, e tamén foi consensuado coas consellerías de Política Social e Igualdade, e de Cultura, Lingua e Xuventude.

Ademais, o plan conta co aval científico da Sección galega da Academia Española de Dermatoloxía e Venereoloxía, da Sociedade Galega de Medicina Interna, da Sociedade Galega de Medicina Preventiva, da Sociedade Galega de Microbioloxía e da Sociedade Galega Interdisciplinaria da Sida.

Aumento da protección da saúde pública

Con este plan, o Executivo galego pretende mellorar o acceso á información fiable sobre saúde sexual, o que permitirá tomar decisións máis seguras e reducir a aparición de condutas de risco.

Tamén se pretende facilitar un diagnóstico máis cedo, achegando probas accesibles e gratuítas, evitando complicacións médicas e permitindo cortar a transmisión comunitaria.

Así mesmo, garántese un acceso máis áxil ao tratamento, mellorando a saúde das persoas afectadas e reducindo a súa carga emocional.

Ademais, o plan ten como obxectivo promover unha contorna social máis respectuosa, combatendo o estigma e a discriminación asociados ás infeccións de transmisión sexual e ao VIH.

A nivel colectivo, aumentarase a protección da saúde pública, reforzando a equidade nos grupos máis vulnerables e mellorando a coordinación entre servizos sanitarios, educativos e sociais, e creando unha resposta máis eficaz e cohesionada fronte ás infeccións de transmisión sexual.

Nove eixes estratéxicos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As accións recollidas no Plan teñen como eixes estratéxicos:

- 1.- Mellorar o sistema de vixilancia epidemiolóxica das infeccións de transmisión sexual para monitorizar a súa evolución, identificar grupos de poboación clave e avaliar e adaptar as medidas de prevención e control.
- 2.- Diminuír a incidencia destas infeccións e protexer a saúde sexual da poboación, proporcionando información veraz, facilitando o acceso a métodos de protección eficaz e fomentando habilidades persoais para a toma de decisións seguras.
- 3.- Diagnosticar de forma precoz as principais infeccións de transmisión sexual para evitar complicacións e cortar a cadea epidemiolóxica de transmisión.
- 4.- Facilitar o acceso ao sistema sanitario das persoas cunha infección de transmisión sexual e asegurar o seu tratamento.
- 5.- Mellorar a calidade de vida das persoas que viven co VIH, promovendo o respecto, a protección dos dereitos e evitando o estigma e a discriminación.
- 6.- Fortalecer as capacidades técnicas dos profesionais da saúde e actores comunitarios, baseadas na evidencia científica.
- 7.- Establecer un plan de comunicación, dentro da organización e con outras entidades involucradas, para coordinar as diferentes accións levadas a cabo pola organización.
- 8.- Promover a innovación tecnolóxica, organizativa e social na prevención, diagnóstico, tratamento e vixilancia das infeccións de transmisión sexual.
- 9.- Coordinar as intervencións fronte a estas infeccións levadas a cabo en todos os eidos e por todo o persoal e entidades involucrados.

Accións que se van desenvolver

No marco deste plan desenvolveranse distintas accións concretas entre as que cómpre destacar a elaboración e difusión dunha campaña específica de comunicación centrada na prevención e na poboación moza, ademais de unificar a vixilancia de todas as infeccións de transmisión sexual para a súa prevención e control e integrar a secuenciación microbiolóxica.

Así mesmo, deseñárase un mapa de recursos en saúde afectiva que recolla todas as entidades sanitarias e comunitarias relacionadas coa atención da saúde sexual.

No ámbito da prevención primaria, facilitaranse medios de protección como preservativos, faranse campañas de comunicación e estableceranse alianzas coa farmacia comunitaria, terceiro sector etc.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En materia de vacinación, continuarase coa do virus do papiloma humano, a varíola do mono, a hepatite A/B e gonococo.

No que atinxe á prevención secundaria destas enfermidades, farase a través dos cribados oportunistas de VIH, hepatite B e C, así como outras infeccións de transmisión sexual como a gonococia.

Concretamente, realizaranse cribado oportunista de VIH nos tramos de idade de maior incidencia, tanto en atención primaria como hospitalaria; ampliarase o cribado oportunista de hepatite C á cohorte de 40 a 49 anos e incluírase o de hepatite B.

Xunto co anterior, ofertarase nos grupos de idade de maior incidencia ou maior risco a detección doutras infeccións de transmisión sexual (como o gonococo) mediante a realización de autotoma no propio domicilio.

Plan galego anti VIH/Sida

O Goberno galego continúa así coa loita contra o VIH, iniciada en 1988 co primeiro Plan galego anti VIH/Sida. Os avances no diagnóstico e os tratamentos fan que, na actualidade, se fale dunha enfermidade que se está a cronificar, pero segue a ser unha prioridade de saúde pública.

Así, desde os últimos 20 anos Galicia amosa unha tendencia decrecente cunha media de 168 novas infeccións anuais desta patoloxía, cunha transmisión maioritaria por vía sexual e cun diagnóstico tardío na metade dos casos.

Ademais, no Plan hoxe presentado polo Goberno galego abórdase a situación actual doutras infeccións de transmisión sexual posto que, nos últimos anos, estase a producir un incremento sostido destas que require unha atención específica, estratexias diferenciadas e recursos adecuados para a súa prevención, diagnóstico precoz e tratamento oportuno.

Cómpre remarcar que a prevención xeral para as infeccións de transmisión sexual é a promoción de prácticas sexuais máis seguras, fomentando o uso do preservativo. Ademais, como medida complementaria, na actualidade cóntase con vacinas para o virus do papiloma humano (VPH), varíola do mono, hepatite A e B. De xeito pioneiro a nivel mundial, en Galicia estase a empregar unha vacina fronte ao meningococo B para ofrecer protección fronte á gonorrea en grupos de especial vulnerabilidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON Á DISPOSICIÓN DOS CONCELLOS MÁIS DE 5 M€ EN 2026 EN AXUDAS PARA MELLORAR A XESTIÓN DE RESIDUOS E FLEXIBILIZA OS REQUISITOS PARA FACELAS MÁIS ACCESIBLES

- Os municipios xa non estarán obrigados a achegar o 10 % do investimento e o IVE será subvencionable, o que reduce o esforzo financeiro que terán que facer beneficiando así os de menor tamaño e con menos capacidade financeira
- As accións para a recollida e tratamento dos biorresiduos divídense en tres liñas e suman máis da metade do orzamento, con máis de 3 millóns de euros
- Os proxectos de modernización e mellora de puntos limpos contarán cunha partida conxunta de máis de 1,6 M€ e haberá unha nova liña para a dixitalización dos servizos municipais de xestión de refugallo por importe de 290.000 euros
- Esta nova convocatoria de apoios ás entidades locais, que sairá publicada no *Diario Oficial de Galicia* nos vindeiros días, súmase aos preto de 40 M€ concedidos desde 2018 para distintas iniciativas coas que avanzar cara á economía circular

A Xunta destina o próximo ano máis de 5,1 millóns de euros a distintas liñas de achegas -algunhas delas novas- para apoiar os concellos na execución de proxectos e medidas que contribúan a optimizar a xestión dos residuos de competencia municipal e flexibiliza os requisitos de acceso a elas coa finalidade de que cheguen a un maior número de entidades locais, incluídas as de pequeno tamaño. O fin último é avanzar cara a un modelo de economía circular a nivel local e na loita contra o cambio climático.

Entre as novidades introducidas polo Executivo galego para facer as axudas máis accesibles -froito da experiencia acadada nos últimos anos- está que os concellos xa non terán que realizar unha achega económica obrigatoria do 10 % do proxecto senón que a Xunta asumirá o 40 % do investimento e o 60 % restante sufragarase a cargo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) para o período 2021-2027. A maiores, o IVE será subvencionable, polo que se reduce aínda máis o esforzo financeiro que terán que facer os municipios e se facilita unha participación máis ampla, incluso daqueles de pequeno tamaño e con menor capacidade financeira.

Entre os axustes realizados -recollidos nun informe analizado polo Consello- tamén está o establecemento de límites máximos de axuda fixos por proxecto, iguais para todos os concellos, eliminando o cálculo baseado no número de habitantes, ao tempo que se incorpora un criterio poboacional na valoración, que favorece aos municipios máis pequenos e facilita o seu acceso ás achegas.

Co mesmo obxectivo, de mellorar a eficacia do gasto público, a equidade territorial e a capacidade real de execución dos proxectos municipais, a asignación de fondos das distintas liñas de axudas responde ás necesidades detectadas en convocatorias anteriores e ás obrigas normativas máis inmediatas.

A orde coa convocatoria destes apoios, que sairá publicada no *Diario Oficial de Galicia* nos vindeiros días, establece que na recollida e tratamento de biorresiduos haberá tres

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

liñas de axuda que suman un orzamento de algo máis de 3 millóns de euros. A primeira céntrase na recollida separada, por importe de 730.000 euros, e nela valoráranse, especialmente, os proxectos correspondentes a grandes produtores de sectores como o da hostalería ou o da alimentación.

A segunda liña ten como obxectivo a adquisición de vehículos específicos para a recollida de biorresiduos, cun orzamento de preto de 1,8 millóns de euros. Nesta ocasión este tipo de accións -xa financiadas en anos anteriores- inclúense nunha liña específica dada a súa entidade e importancia orzamentaria co fin de permitir a profesionalización do servizo, mellorar a eficiencia operativa e facilitar a implantación territorial da recollida separada, especialmente en concellos con dispersión poboacional.

Mentres, a terceira liña de achegas de biorresiduos está dirixida á posta en marcha de iniciativas que contribúan a avanzar na implantación da compostaxe doméstica e comunitaria, cun importe de 560.000 euros.

A liña catro, cun orzamento de 125.000 euros, é para accións relacionadas coa xestión de residuos téxtiles e que permitan garantir a continuidade da implantación da recollida separada desta fracción en cumprimento das obrigas europeas. Neste sentido, cómpre lembrar que a directiva comunitaria establece como obrigatoria a recollida selectiva do residuo téxtil a partir do 1 de xaneiro de 2025, exixencia que, unida ao crecemento progresivo experimentado por esta fracción nos últimos anos, fai moi interesante calquera iniciativa que favoreza a separación, reutilización e reciclaxe desta fracción.

Puntos limpos

As liñas 5 e 6, cun orzamento conxunto de 1.650.000 euros, están dirixidas a accións de modernización e mellora dos puntos limpos fixos e móbiles co fin último de consolidar e optimizar a rede de recollida separada de residuos domésticos especiais que quedan fóra do servizo domiciliario e non se poden depositar en contedores específicos. Trátase dos residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (RAEE), voluminosos, aceites, residuos perigosos domésticos, entre outros.

A sétima liña, de nova creación, está dotada con 290.000 euros e permite apoiar por primeira vez de forma específica proxectos de dixitalización dos servizos municipais de residuos e a implantación progresiva de sistemas de pagamento por xeración. En esencia, esta medida busca avanzar cara a unha maior rastrexabilidade dos residuos, eficiencia do servizo e taxas máis xustas e transparentes para o conxunto da cidadanía.

A dixitalización dos servizos municipais de residuos ten como fin último modernizar a xestión do lixo usando tecnoloxía para que os concellos organicen mellor o servizo e eviten gastos innecesarios poñendo en marcha sistemas que, entre outras funcionalidades, indiquen cando un contedor está cheo -evitando recollidas innecesarias- ou axuden a que os camións fagan menos quilómetros e, por tanto, consuman menos combustible, beneficiando ao ambiente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto á implantación progresiva de sistemas de pagamento por xeración, a filosofía non é implantar novos impostos senón que cada concello poida organizar de maneira máis xusta as taxas de residuos apostando por premiar a quen recicla e xera menos residuos, non castigar. Iso podería materializarse en medidas como bonificacións para os fogares que separen ben os residuos ou o axuste das taxas en función dos hábitos responsables.

Ao final, búscase mellorar o servizo coa axuda da tecnoloxía e usar os datos dispoñibles para axustar os impostos, modernizar o servizo, facelo máis xusto e eficiente e premiar os comportamentos responsables por parte da cidadanía.

Coa nova convocatoria de axudas para 2026 a Xunta aspira a acadar un modelo de xestión de residuos municipais máis eficiente, equitativo e mellor preparado para os retos do futuro. Con ese fin, os máis de 5,1 millóns de euros orzados reforzan a colaboración coas entidades locais e contribúen a garantir que a transición cara á economía circular se realiza con solvencia financeira, rigor técnico e equilibrio territorial.

Apoio constante ás entidades locais

Nesta liña, só desde 2018 o Executivo galego apoiou centos de iniciativas municipais por importe de preto de 40 millóns de euros co obxectivo de optimizar a recollida separada, modernizar a rede de puntos limpos, promover a compostaxe, impulsar a xestión de residuos téxtiles e fomentar a reutilización, na liña do que establece a normativa comunitaria sobre a xestión de refugallos.

Deste xeito, o Goberno autonómico segue avanzando para pechar o círculo da sustentabilidade, dotando a Galicia dun marco normativo e estratéxico moderno e eficaz e potenciando de forma decidida unha xestión dos residuos baseada na prevención e no fomento da reciclaxe, aspectos fundamentais para superar o modelo de economía lineal e lograr unha transición enerxética xusta e ordenada.

De feito, en 2024 aprobáronse os novos plans autonómicos de residuos que lle darán continuidade aos anteriores cun novo horizonte temporal: o Plan sectorial de xestión de residuos municipais de Galicia (PXRMG) e o Plan sectorial de xestión de residuos industriais de Galicia (PRIGA).

Ambos os instrumentos marcan a folla de ruta a seguir ata o ano 2030 e consolidan o compromiso do Goberno galego cun novo modelo produtivo e unha xestión axeitada e sustentable dos residuos en Galicia, en coherencia co Estratexia galega de economía circular 2020-2030 e coa de Cambio climático e enerxía 2050.

Na mesma liña, o ano pasado creáronse unha oficina de economía circular municipal e outra industrial co obxectivo de asesorar os concellos e as empresas no eido da xestión de residuos co fin de converter a Galicia en referente neste eido e mellorar os resultados da comunidade no eido da reciclaxe e no tratamento dos distintos refugallos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ANUNCIA A ENTRADA EN VIGOR DO NOVO SISTEMA DE REXISTRO DE FAMILIAS MONOPARENTAIS, A AMPLIACIÓN DA VIXENCIA DOS CERTIFICADOS E A CREACIÓN DO CERTIFICADO DIXITAL

- Habilítase un procedemento específico en sede electrónica para solicitar ou renovar o certificado
- O período de validez amplíase ata que o fillo pequeno faga 26 anos para as familias en que existe un só proxenitor e incrementase de dous a cinco anos nas familias con máis dun proxenitor
- Poderase descargar no teléfono móbil o novo certificado en formato dixital
- O obxectivo é simplificar e axilizar os trámites que teñen que facer as familias

O Consello da Xunta informou esta mañá de tres novas medidas en beneficio das familias monoparentais de Galicia que a Consellería de Política Social e Igualdade porá en marcha esta mesma semana, en concreto, a partir do vindeiro xoves 15 de xaneiro. Así, todas elas terán o seu certificado en formato dixital, poderán solicitalo ou renovoalo cun procedemento específico en sede electrónica e terán unha vixencia maior.

Ademais, estas novidades acompañanse da entrada en vigor do novo sistema de rexistro de familias monoparentais de Galicia, máis áxil e sinxelo. Desde este xoves existirá un procedemento específico na sede electrónica da Xunta de Galicia para solicitar o certificado de familia monoparental, o que reducirá os trámites e o papelame que estas teñen que presentar. Ata agora, tiñan que presentar á Xunta unha solicitude xenérica, así como a documentación conforme non están inscritas no rexistro de parellas de feito e a declaración xurada de non convivir cunha parella.

En canto á ampliación do tempo de validez dos certificados, en 2022 este xa se incrementara de un a dous anos. Agora a vixencia dos novos certificados e dos que se renoven amplíase ata que o fillo pequeno faga 26 anos (igual que acontece nas familias numerosas) no caso das familias en que existe un só proxenitor. Para as familias con máis dun proxenitor (custodias exclusivas etc.) a vixencia pasa de dous a cinco anos.

Así mesmo, todas as familias monoparentais poderán ter no seu teléfono móbil o novo certificado da Xunta en formato dixital. Só terán que descargar no seu móbil a aplicación 'Xunta.EU', totalmente gratuíta.

Galicia pioneira

A nosa Comunidade Autónoma leva quince anos outorgando unha protección específica ás familias monoparentais, a través dun certificado oficial expedido pola Xunta e regulando a súa consideración de familia especial na lei galega de familia aprobada no 2011.

Ademais, a Lei de impulso demográfico de Galicia ampliou o concepto de familia monoparental a todas aquelas en que un só proxenitor ten a custodia exclusiva do fillo ou fillos, aínda que perciba doutro proxenitor unha pensión de alimentos. Isto supuxo un

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

notable incremento deste tipo de familias, que pasou de 1.495 con certificado oficial da Xunta no 2021 ás máis de 7.600 con recoñecemento legal que hai na actualidade.

As familias galegas que teñen o certificado de familia monoparental da Xunta poden acceder a diferentes beneficios e vantaxes. Entre outras, teñen preferencia no acceso á vivenda de protección autonómica, puntuación adicional no baremo para a adxudicación de prazas nas escolas infantís públicas de 0 a 3 anos ou prioridade na admisión de alumnado en centros educativos de 2º ciclo de infantil, primaria, secundaria e bacharelato.

Así mesmo, como novidade para este ano 2026, a Xunta aprobou unha baixada do 8 % ao 3 % no imposto á compra de vivenda (ITP) para estas familias, que será de 0 % se o inmovible está nunha zona pouco poboada.

Incumprimentos do Goberno central

En calquera caso, a situación das familias monoparentais en Galicia está afectada polas importantes demoras na tramitación do proxecto de Lei estatal de familias, que leva catro anos paralizado no Congreso dos Deputados. Como consecuencia disto, o certificado que emite a Xunta e os seus beneficios só teñen validez na comunidade.

Así pois, a día de hoxe non existe un título nin un certificado con validez a nivel de toda España e segue sen haber unha regulación estatal para estas familias, como xa teñen as numerosas, o que permite que, neste último caso, o título emitido pola Xunta sexa válido para todo o territorio nacional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ABOARÁ ESTA SEMANA AO PERSOAL EMPREGADO PÚBLICO O INCREMENTO SALARIAL DO 2,5% CORRESPONDENTE A TODO O ANO 2025

- O impacto orzamentario estimado para a Administración galega pola actualización retributiva do ano pasado é de 143 M€
- A nómina de xaneiro do persoal ao servizo do sector público autonómico reflectirá tamén a suba do 1,5% para este 2026.

A Xunta de Galicia aboará esta semana aos empregados públicos autonómicos o incremento salarial do 2,5% correspondente a todo o ano 2025, con un impacto estimado de 143 M€ para a Administración galega.

A competencia para actualizar as retribucións salariais dos empregados públicos é exclusiva do Estado e o habitual é que se realice na Lei de Orzamentos. A falta de orzamentos estatais foi o que motivou que non se actualizaran no 2025 os salarios dos empregados públicos, agás o 0,5 % correspondente ao exercicio do 2024. Ata o 3 de decembro do 2025 non se publicou o Real Decreto lei 14/2025 mediante o que se autoriza o incremento salarial para o 2025 (2,5 %) e o 2026 (1,5 %), de aí que se demorase o pagamento desta actualización ata esta semana.

Os incrementos retributivos previstos para os anos 2027 e 2028 deberán ser obxecto de aprobación nas correspondentes leis de orzamentos para poder ser aplicados.

Ademais das retribucións dos atrasos, con efectos de xaneiro de 2025, a nómina de xaneiro do persoal ao servizo do sector público autonómico reflectirá a suba do 1,5% para este 2026. Deste xeito, desde 2024 o incremento anual consolidado para os empregados públicos autonómicos será dun 4%.

Tomando como referencia un salario bruto anual representativo de 40.293 euros no ano 2024, este experimentará un incremento de 1.627 euros anuais no ano 2026, sen prexuízo do incremento adicional derivado da incorporación na carreira administrativa, cuxo importe variará en función do grupo ou subgrupo de pertenza do persoal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ABOARÁ ESTA SEMANA OS NOVOS RECOÑECEMENTOS DE GRAO EXTRAORDINARIO SOLICITADOS POLO PERSOAL EMPREGADO PÚBLICO

- O número total de solicitudes estimadas é de 12.647, o que supón o 77% das solicitudes presentadas
- Está é a primeira vez que se dá acceso ao grao extraordinario III, para o que se requiren 17 anos de servizos prestados

A Xunta de Galicia aboará esta semana os novos recoñecementos de grao extraordinario solicitados polo persoal empregado público. O pasado 2 de decembro publicáronse no Diario Oficial de Galicia os acordos entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais polos que se convoca o procedemento de acceso aos graos I, II ou III do sistema extraordinario de recoñecemento da progresión na carreira administrativa previsto na disposición transitoria oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, para o persoal funcionario; así como o procedemento de acceso aos graos I, II e III do complemento de desempeño do posto de traballo para o persoal laboral.

O prazo de presentación de solicitudes foi do 3 ao 30 de decembro de 2025.

Como novidade, esta foi a primeira vez que se deu acceso ao grao III, para o que se requiren 17 anos de servizos prestados e cumprir con polo menos un dos criterios xerais de avaliación, como, por exemplo, 120 horas de cursos de formación ou 6 anos en función de dirección, subdirección ou xefatura de Servizo, sección ou equivalentes.

Respecto dos graos I e II, cómpre salientar que os requisitos son os mesmos que en pasadas convocatorias, é dicir, 5 e 11 anos de servizos prestados respectivamente e cumprir un dos criterios xerais de avaliación que, no caso do grao I poderían ser 40 horas de cursos de formación ou 2 anos en función de dirección e para o grao II, 80 horas de cursos de formación ou 4 anos en funcións de dirección, entre outros.

Os efectos económicos do recoñecemento do grao produciranse de maneira progresiva en 3 anualidades, con efectos económicos do 1 de xaneiro de cada ano, coa distribución: en 2025 o 35 %, en 2026 o 70 % e, en 2027, o 100 %.

A contía correspondente ao ano 2025 aboarase nun único pago e a partir de 2026 o pago do grao recoñecido, na porcentaxe que corresponda, será mensual.

Subgrupo/Grupo	Importe anual 2025 (35% importe)
A1/I	999,84 €
A2/II	699,72 €
C1/III	451,32 €

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Subgrupo/Grupo	Importe anual 2025 (35% importe)
C2/IV	383,04 €
AP/V	309,48 €

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes o número de total de solicitudes presentadas é 16.326 de das cales 11.945 corresponden a persoal funcionario e 4.381 a persoal laboral.

O número total de solicitudes estimadas é de 12.647, o que supón o 77% das solicitudes presentadas.

Actualmente, quedan pendentes de tramitar 3.679 solicitudes, que ou ben se inadmitirán por falta de cumprimento dos requisitos ou ben se realizará un requirimento para que o persoal achegue a documentación que permita acreditar o cumprimento dos requisitos por non constar no seu expediente electrónico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA CUMPRE EN 2025 COA SENDA FINANCEIRA DOS PROGRAMAS DOS FONDOS EUROPEOS DO PERÍODO 2021-2027

- A Xunta certifica un importe superior ao correspondente á primeira anualidade dos programas dos fondos europeos da política de cohesión: FEDER, FSE+ e Fondo de Transición Xusta
- Algúns dos proxectos certificados son o centro de protonterapia, dixitalización da administración, programas de inserción social e laboral, e apoio ao emprendemento e a iniciativas empresariais

Galicia cumpre en 2025 o plan de financiamento dos programas da Política de Cohesión correspondentes ao marco financeiro europeo 2021-2027, no primeiro exercicio no que resulta esixible a aplicación efectiva da regra N+3. Dado que os programas foron aprobados a finais do ano 2022, o exercicio 2025 constitúe o primeiro test efectivo da capacidade de execución financeira do período 2021-2027.

Neste contexto, Galicia cumpre formalmente coa regra N+3 en 2025 en todos os programas da política de cohesión, aínda que con dinámicas diferenciadas en función do fondo. Este cumprimento permite o reembolso de, polo menos, a primeira anualidade dos programas de cohesión que se poden ir executando ata 2029.

No caso do Programa FEDER Galicia 2021-2027, as solicitudes de pagamento acadaron os 176,2 millóns de euros, un 10% por riba da anualidade esixida en 2025. As actuacións certificadas concéntranse principalmente en infraestruturas sanitarias como o centro de protonterapia e os centros de saúde de Moaña e Abegondo, melloras nos sistemas de saneamento e depuración na ría de Arousa e Foz, infraestruturas educativas coma os IES Valle Inclán de Pontevedra e Aquis Celenis de Caldas de Reis, así como en medidas de prevención de riscos naturais, modernización administrativa, dixitalización e promoción turística.

No Fondo de Transición Xusta (FTX), a Xunta de Galicia xestiona 111,4 millóns de euros, o que supón o 12,8 % do total do programa estatal. En 2025, as solicitudes de pagamento proceden maioritariamente de anticipos da Comisión Europea e do instrumento financeiro posto en marcha para o apoio a proxectos empresariais.

Pola súa banda, no Programa FSE+ Galicia 2021-2027, o gasto certificado acada os 79,3 millóns de euros que, xunto cun pre-financiamento de case 16 millóns de euros, permite superar nun 24% a primeira anualidade do programa. As actuacións certificadas céntranse principalmente en programas de atención á diversidade e garantía de equidade educativa, programas de inserción sociolaboral e de fomento do emprendemento, emprego xuvenil e atención a mulleres en situación de especial vulnerabilidade e a menores a través de servizos como os de atención temperá.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA EXPÓN A INFORMACIÓN PÚBLICA O PROXECTO DE NOVA SENDA PEONIL E CICLISTA NA PO-221, ENTRE ALENDE E A ESPEDREGUEIRA, NO CONCELLO DE MORAÑA

- Esta actuación suporá un investimento autonómico que roldará os 380.000 euros, e permitirá unha circulación confortable para os peóns e ciclistas entre estes núcleos do municipio pontevedrés
- Trátase de executar un itinerario mixto de algo máis de medio quilómetro de lonxitude pola marxe dereita da PO-221, cunha anchura da zona de algo máis de 2 metros, bordo incluído
- O proxecto someterase nas vindeiras semanas a información pública, sendo o obxectivo a Xunta aprobalo no primeiro trimestre de 2026, para realizar os actos expropiatorios e a continuación aprobar o proxecto construtivo e licitar as obras
- O Goberno galego segue impulsando actuacións que favorecen unha Galicia máis conectada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda e segura

O Consello da Xunta aprobou hoxe provisionalmente o proxecto para executar unha senda peonil e ciclista na estrada autonómica PO-221, entre Alende e A Espedregueira, no concello de Moraña.

O investimento autonómico estimado polo Goberno galego para executar esta actuación, en que se inclúe o pagamento dos 28 predios necesarios para executar as obras, roldará os 380.000 euros.

A intervención consiste na execución dunha senda mixta na PO-221, que permita realizar ao longo da vía, unha circulación confortable para os peóns e ciclistas desde o núcleo de Alende (punto quilométrico 6+260) ata a intersección coa estrada provincial EP-0018 (Xeve-Amil-A Espedregueira), no núcleo da Espedregueira (quilómetro 6+800).

En concreto, a senda proxéctase pola marxe dereita da estrada, cunha lonxitude aproximada de algo máis de medio quilómetro, e contará cunha anchura da zona mixta de 2,02 metros (bordo incluído). Ademais, no espazo entre o novo itinerario e a estrada prevese aproveitar o espazo para dispoñer a rede de sumidoiros ao longo da PO-221.

Na intervención proposta, disporase tamén dunha gabia de seguridade entre os puntos quilométricos 6+360 e 6+700, aproveitando o espazo existente entre a senda e o límite da plataforma actual da PO-221; que servirá para absorber o ancho da futura ampliación da plataforma desta vía autonómica.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé someter este proxecto a información pública, para os efectos expropiatorios, nas vindeiras semanas. O prazo de presentación de achegas é dun mes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A previsión é poder aprobar o proxecto no primeiro trimestre de 2026, realizar a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións, e a continuación supervisar e aprobar o proxecto construtivo e posterior licitación das obras.

As actuacións recollidas no proxecto aprobado hoxe de xeito provisional contarán con financiamento integramente autonómico. O prazo de execución das obras é de nove meses.

O Goberno galego segue impulsando actuacións que favorecen unha Galicia máis conectada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda e segura

Planos de localización da zona da senda que se someterá a información pública:



Plantas da actuación aprobada hoxe provisionalmente no Consello da Xunta:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MELLORA A ACCESIBILIDADE Á INFORMACIÓN DE GALICIANA COA INCORPORACIÓN DE NOVAS FERRAMENTAS

- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude colabora coa Amtega para crear dous espazos temáticos que permitirán consultar máis de 800 cabeceiras de prensa, así como máis de 40.000 documentos relacionados con episodios históricos
- Habilitarase tamén un grafo de coñecemento, un modelo de representación que permite que se poidan facer consultas dun xeito persoal e expresivo
- Estas novas medidas encádranse en 'Memoria dixital de Galicia', unha iniciativa impulsada polo Goberno galego para que todas as persoas poidan acceder de xeito fácil e universal ao seu patrimonio cultural

A Xunta de Galicia dá un paso máis na dixitalización do patrimonio cultural galego mediante a incorporación de novas ferramentas en Galiciana Patrimonio Dixital de Galicia, a plataforma impulsada polo Goberno galego para dixitalizar e poñer á disposición da cidadanía o patrimonio cultural, bibliográfico e arquivístico da nosa comunidade. Así se deu conta hoxe no Consello da Xunta, onde se avaliou o informe *Memoria dixital de Galicia. Galiciana Semántica*.

Neste senso, tal e como se desprende do documento, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude colabora coa Amtega na creación de dous espazos temáticos de difusión que contarán con presenza propia e que permitirán consultar cabeceiras de prensa e documentos vencellados con episodios históricos. Deste xeito, coa creación do primeiro espazo, a hemeroteca de Galiciana convértese nun lugar de consulta dinámico, conectado e enriquecido en que se poderá acceder a máis de 800 cabeceiras de prensa publicadas desde 1800 ata a actualidade. No seu conxunto, estes recursos suman case dous millóns e medios de imaxes entre as que se poderá buscar por texto completo.

Por outra banda, o segundo espazo crearase a partir dun micrositio aloxado no Arquivo Dixital de Galicia e facilita o acceso a información sobre documentos relacionados con episodios históricos como o Golpe de Estado, a Guerra Civil, a ditadura franquista ou o camiño cara á democracia e a Constitución española. En total, inclúense 42.106 documentos que supoñen 1.614.794 imaxes. O obxectivo desta nova categoría é fomentar o coñecemento ao tempo que se facilita o acceso das persoas a todos os documentos e se incentiva a preservación do patrimonio documental.

A creación destes espazos complétase coa habilitación dun grafo de coñecemento, un modelo de representación que permite que se poidan facer consultas dun xeito máis expresivo e próximo ao linguaxe natural. O obxectivo desta ferramenta que se integrará no motor de busca é acadar unha mellor experiencia de navegación ao enlazar os diferentes elementos de Galiciana. Deste xeito, o grafo de coñecemento funcionará como un gran mapa en que se organiza e conecta toda a información dunha determinada parcela de coñecemento.

Estas novas medidas encádranse en *Memoria dixital de Galicia*, unha iniciativa impulsada polo Goberno galego no ano 2016 para garantir que todas as persoas poidan acceder de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

xeito fácil e universal ao seu patrimonio cultural. Ademais, a súa aplicación senta as bases para avanzar nunha xestión do patrimonio cultural máis accesible e interrogable, abrindo novas posibilidades para a investigación, a educación e o goce do patrimonio cultural galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CENTRO DRAMÁTICO GALEGO PECHA 2025 CON 14 PRODUCCIÓN, 300 FUNCIÓNS E MÁIS DE 40.000 ESPECTADORES

- O informe elevado ao Consello da Xunta reflicte a consolidación da unidade teatral no seu impacto sobre a creación escénica galega e na conexión coa cidadanía
- O plan de mobilidade ‘Sobes ao autobús do teatro?’ desprazou ao Salón Teatro 2653 persoas en 72 rutas territoriais con paradas en 80 concellos das catro provincias
- Afiázanse as liñas de traballo a prol da accesibilidade, a inclusión e a acción exterior
- Como motor sectorial, asumíuse a contratación de 29 intérpretes e doutras 80 persoas que asinaron distintas realizacións artísticas
- O 2026 iniciase cunha nova peza, a xa estreada ‘Memorias dun neno labrego’, á cal seguirá a montaxe de ‘Hamlet’ en marzo

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude elevou hoxe ao Consello da Xunta o informe da actividade anual desenvolvida polo Centro Dramático Galego en 2025, no que se recollen as principais cifras e indicadores da súa evolución positiva tanto no que atinxe ao seu impacto no volume de creación escénica como no avance das liñas de conexión coa cidadanía. Así, a unidade teatral pública pechou 2025 tras ter producido ou participado na produción de 14 novos espectáculos e de ter presenza como coprodutor nun total de 305 funcións en máis da metade dos concellos galegos, ás que asistiron máis de 40.000 persoas.

Tamén as liñas de traballo a prol da accesibilidade, a sustentabilidade e a acción exterior viron reforzados os estándares acadados en anos precedentes. Neste sentido, o programa de mobilidade *Sobes ao autobús do teatro?* mobilizou público de máis de 80 concellos en 72 rutas territoriais desde as catro provincias cara ao Salón Teatro, sede do Centro Dramático Galego. Foron 2653 persoas as desprazadas mediante esta canle para presenciar as dúas producións propias: *A burra, a mesa e o pau* e *A serie clopen*, ademais de *Nada se sabe*, coprodución do ano 2024 que volveu programarse polo fito que supuxo en canto ao fomento da inclusión e a diversidade funcional desde as táboas.

Con este mesmo obxectivo, o Centro Dramático Galego continuou a consolidar a súa política en canto a minimizar as barreiras de acceso á cultura a todos os niveis, tanto as territoriais como as cognitivas e físicas. A progresiva implantación do sistema SINTE, de deseño e desenvolvemento propio, permitiu dotar de audiodescrición, signado e subtitulado 90 funcións en 10 localidades dos devanditos tres espectáculos, ademais de *Manuela Rey Is In Da House*, coprodución con Portugal estreada en 2023. Tamén seguiron a ofrecerse pases descontraídos (con especial tolerancia a luz e movementos no patio de butacas) e visitas táctiles.

O Salón Teatro, en Santiago de Compostela, tamén mantivo o seu nivel de actividade, cunha carteleira de 166 citas culturais ás que acudiron 21.000 persoas en 307 xornadas aberto ao público.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre destacar que a actividade pública do Centro Dramático Galego neste 2026 xa se iniciou coa estrea o pasado xoves, día 8, de *Memorias dun neno labrego*, producida xunto á compañía Contraproducións baixo a dirección de Candido Pazó, á cal seguirá a montaxe de *Hamlet*, prevista para marzo e dirixida por Tito Asorey.

Dinamización sectorial

No plano da creación escénica, á produción propia de *A burra, a mesa e o pau* e *A serie clopen* sumáronse outros 12 espectáculos asumidos en distintos réximes de coprodución con compañías e entidades galegas e portuguesas: *Berenguela na gaiola*, *Costa da Morte*, *Cartografía dun naufraxio*, *Fábrica de fume*, *Heroes en decembro*, *Medea mamá monstro*, *Mala vida e peor morte de Ricardo III*, *O carteiro de Ximaraos*, *Profetas*, *Punto en boca*, *Roland mon amour*, *Rosalía. Cartografía de ásperas ortigas* e *Jose Afonso, ao vivo nos coliseus, 1983*.

No seu papel de produtor e motor teatral, o Centro Dramático Galego contribuíu en 2025 á dinamización do sector co investimento de máis de 250.000 euros na contratación directa de 29 intérpretes (sete deles para o inicio dos ensaios da proposta de 2026 *Memorias dun neno labrego*), así como na das máis de 80 persoas que asinaron distintas realizacións artísticas (dirección escénica, escenografía, iluminación, espazo sonoro, vestiario, coreografía etc.).

Nunha lectura máis cualitativa, os proxectos e profesionais seleccionados exemplifican a aposta pola dramaturxia galega actual e pola atención á creación escénica a cargo de novos directores e directoras para poñer o foco no talento mozo e nunha nova xeración teatral.

Outra acción importante asentada neste eido foi a de desenvolver residencias artísticas en distintos concellos: Catoira, Ribeira, Rianxo e Ponteareas participaron xa nesta iniciativa, coa que se promoveu un novo modelo de colaboración entre institucións ao tempo que se garante o arraigo do teatro no territorio e se acompaña os procesos creativos.

Internacionalización

No informe destaca, así mesmo, o labor para propiciar a presenza exterior dos proxectos teatrais galegos e dos profesionais do país. Esta acción viuse reforzada o pasado ano pola adhesión á Unión de Teatros de Europa (UTE), unhas das redes escénicas máis prestixiosas do continente, o que abrirá novas vías de colaboración artística, coprodución e intercambio nun futuro próximo.

Tamén se sinalan os resultados do programa europeo Phōnē-RML Theatre Network, a través do que se lle deu visibilidade ao idioma galego mediante a creación contemporánea compartida xunto con nove linguas minoritarias de sete países, así como diversas participacións internacionais, entre elas as colaboracións establecidas con Cabo Verde (Festival Mindelact) e Bulgaria (Small Season Sofia), ou as sinerxías creadas cunha vintena de entidades públicas e privadas portuguesas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O labor desenvolvido no último ano polo Centro Dramático Galego valeulle varias distincións, tales como un dos premios *Solidarios* da Fundación ONCE, o selo *R* de espectáculo recomendado pola Rede española de teatros, auditorios, circuítos e festivais de titularidade pública para *A serie clopen*, proposta que incorporou o circo contemporáneo á produción propia da compañía institucional, ou o escalado ata o sétimo posto no ránking *Lo mejor de la cultura 2024* realizado polo Observatorio da Cultura da Fundación Contemporánea.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA OS VITICULTORES GALEGOS CON MÁIS DE 3 M€ PARA A REESTRUTURACIÓN E RECONVERSIÓN DO VIÑEDO

- O Consello da Xunta avaliou hoxe a resolución da convocatoria 2025, con 172 persoas titulares de beneficiarias para actuar nunha superficie de 184,7 hectáreas
- Estas achegas teñen como finalidade incrementar a competitividade das explotacións vitícolas, adaptar o cultivo do viñedo ao cambio climático e avanzar na súa sustentabilidade
- No período 2018-2024 destináronse preto de 17 millóns de euros para 1.083 persoas beneficiarias no marco destas achegas, permitindo actuar nunha superficie de 1.518 hectáreas

O Consello da Xunta deu conta hoxe da resolución da convocatoria de 2025, con anualidade ata 2027, para as achegas á reestruturación e reconversión da viña en Galicia. En total, son 132 persoas viticultoras beneficiadas para actuar en 184,7 hectáreas e cun investimento de máis de 3 millóns de euros, financiados polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga). Esta resolución publicárase no *Diario Oficial de Galicia* mañá, 13 de xaneiro.

As axudas á reestruturación e reconversión do viñedo son estratéxicas para a nosa comunidade, coa principal finalidade de incrementar a competitividade das explotacións vitícolas, adaptar o cultivo do viñedo ao cambio climático e facelo ambientalmente máis sustentable, ao tempo que se promove a remuda xeracional. En canto á distribución por provincias, a maioría dos expedientes aprobados son de solicitantes de Ourense, con 81; e de Pontevedra, con 39; os restantes son de Lugo, con 9; e da Coruña, con 3.

Ademais, tamén se consegue a mellora das técnicas da xestión das viñas e reconversións varietais para optimizar a súa orientación ao mercado, adaptando as producións á demanda, ao mesmo tempo que se preservan as variedades da nosa comunidade. Deste xeito, apróveitase a elevada calidade diferenciada da uva como vantaxe competitiva nun mercado cada vez máis globalizado.

Así mesmo, a través destas achegas aumenta o grao de profesionalización do sector vitícola galego, ao mesmo tempo que se potencia a remuda xeracional e un desenvolvemento rural socialmente viable facilitando o acceso ás explotacións das persoas viticultoras mozas e capacitadas, en particular das mulleres.

Preto de 17 millóns de euros desde 2018

No período 2018-2024 destináronse preto de 17 millóns de euros para estas axudas, aprobando un total de 1.083 expedientes para actuar nunha superficie de 1.518 hectáreas. Este ano convocáranse novamente estas achegas cun orzamento de 4 millóns de euros.

A maiores, o Goberno galego conta con outras liñas de apoio ao sector vitivinícola como son as axudas para a elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas, xa convocadas para o 2026 cun orzamento de 5,5 millóns de euros, e as achegas para a promoción en terceiros países. Cómpre engadir tamén as axudas dirixidas á conservación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

paisaxística e á loita contra a erosión dos viñedos da Ribeira Sacra xa convocadas cun orzamento de algo máis de 1,5 millóns de euros.

En total, todos estes apoios contan cun investimento aproximado de 12 millóns de euros para seguir impulsando o sector vitivinícola galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROMOVE A TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS AGRARIOS CUNHA NOVA ORDE DE AXUDAS CON 19 M€ ATA 2028

- O Consello da Xunta avaliou hoxe a convocatoria desta liña de achegas para 2026 que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* este venres
- Estas subvencións van dirixidas a empresarios individuais ou sociedades que sexan ou vaian ser titulares de instalacións obxecto desta axuda e fináncianse investimentos tanto para a construción e reforma de inmobles como para a compra de maquinaria ou programas informáticos
- Desde 2016, o Goberno galego destinou 195 millóns de euros para financiar 614 proxectos nesta materia, vinculados especialmente ao lácteo e cárnico que aglutinan a metade dos beneficiarios

O Consello da Xunta avaliou hoxe a convocatoria 2026 das axudas da Consellería do Medio Rural en materia de transformación e comercialización dos produtos agrarios, dotadas con case 19 millóns de euros ata 2028, no marco do Plan estratéxico da política agraria común (Pepac). Estas achegas, que se publicarán no Diario Oficial de Galicia este venres 16 de xaneiro, contan con dúas liñas subvencionables, unha dirixida a investimento con obxectivos ambientais e outra centrada na concesión de achegas que aumenten o valor das producións agrarias.

Poden ser beneficiarios os empresarios individuais ou sociedades que sexan ou vaian ser titulares de instalacións obxecto desta axuda e fináncianse investimentos tanto para a construción e reforma de inmobles como para a compra de maquinaria e equipamentos novos ou programas informáticos, entre outros.

O Goberno galego destinou desde 2016 algo máis de 195 millóns de euros para apoiar 614 proxectos que implicaban un investimento para a transformación e comercialización de produtos agroalimentarios. Por sectores, os que maior peso teñen nestas axudas son o lácteo e o cárnico, xa que ambos abranguen a metade dos proxectos subvencionados. No que atinxe ao lácteo, estas axudas son moi importantes porque inciden no incremento da transformación do leite en Galicia, un obxectivo estratéxico para este eido produtivo.

Por provincias, cómpre salientar que Lugo é a que conta con máis proxectos aprobados - un total de 225- e agrupou case o 50 % do investimento subvencionable. Tras ela, sitúase a provincia da Coruña con 165 proxectos aprobados; Pontevedra, con 127; e Ourense, con 97.

Peso da industria agroalimentaria galega

A industria agroalimentaria é esencial para o desenvolvemento agrario de Galicia, xa que dá valor engadido ás producións do campo e facilita a súa comercialización, favorecendo o desenvolvemento das explotacións agrarias e de todo tecido económico que as rodea nas zonas rurais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste sentido, este sector está formado en Galicia por unhas 1.400 empresas, cunha facturación anual superior a 12.500 millóns de euros e con case 35.000 persoas traballadoras. Desas 1.400, unhas 900 corresponden a industrias que procesan materias primas agrarias procedentes principalmente de explotacións galegas, así como a industrias de elaboración de produtos de alimentación animal, todas elas de importancia estratéxica para o sector agrario galego. Por iso, cómpre seguir apoiando a súa competitividade e sustentabilidade económica. Este é o motivo fundamental que está detrás desta liña de axudas á comercialización e transformación de produtos agrarios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 9,5 M€ PARA SEGUIR IMPULSANDO A CONTRATACIÓN DE SEGUROS AGRARIOS NESTE 2026

- A convocatoria para este ano publicarase este xoves, 15 de xaneiro, no *Diario Oficial de Galicia* e poderán beneficiarse as persoas empresarias individuais ou sociedades titulares de explotacións
- A porcentaxe de subvención, en xeral, acadará un máximo do 75 % do custo da póliza, sumando os fondos autonómicos e estatais aportados para esta finalidade
- Desde 2017, o Goberno galego investiu máis de 60 millóns de euros para fomentar os seguros agrarios e incrementar así o nivel de aseguramento dentro do sector agrogandeiro, especialmente no ámbito agrícola porque é onde menos pólizas se formalizan
- A superficie, animais e capital asegurado medra nos últimos anos, duplicándose no caso das hectáreas ao pasar de 14.200 a máis de 31.800 no último ano

A Xunta destinará este ano 9,5 millóns de euros en axudas para seguir impulsando a contratación de seguros agrarios, co obxectivo de incrementar o nivel de aseguramento nas explotacións agrarias e gandeiras, especialmente no sector da produción vexetal. A convocatoria destas achegas publicarase no *Diario Oficial de Galicia* este xoves 15 de xaneiro.

A través destas axudas subvencionarase a contratación en 2026 dunha ou varias pólizas de seguros e beneficiaranse as persoas empresarias individuais ou sociedades titulares de explotacións de Galicia. A porcentaxe de subvención, en xeral, será un máximo do 75 % do custo da póliza, entre fondos autonómicos e estatais. Ademais, cómpre engadir que as pólizas contratadas por entidades asociativas de agricultores e gandeiros teñen unha subvención adicional do 4 %.

Os seguros agrarios subvencionados abranguen unha gran diversidade de producións e cobren, entre outros, a retirada e destrución de cadáveres de animais ou a perda de gando ou de colleitas. Cómpre salientar que as entidades aseguradoras españolas máis importantes intégranse en Agroseguro e forman parte do Sistema español de seguros agrarios, considerado un dos mellores a nivel mundial.

A Xunta de Galicia fai unha clara aposta por incentivar o aseguramento do sector do sector agrogandeiro, especialmente no ámbito agrícola en que menos pólizas se contratan. Deste xeito, desde o ano 2027 investíronse máis de 60 millóns de euros de fondos propios para fomentar a contratación dos seguros na nosa comunidade, o que permitiu incrementar o nivel de aseguramento no sector agrogandeiro.

Só no 2025, contratáronse preto de 38.000 pólizas, que permitiron cubrir máis de 31.800 hectáreas e 40,8 millóns de animais para chegar a un capital asegurado superior aos 1.200 millóns de euros. A superficie, animais e capital non deixou de medrar nos últimos anos. De feito, a superficie duplicouse, dado que en 2017 había 14.200 hectáreas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Factor de estabilidade do sector

As explotacións agrícolas e gandeiras enfróntanse a riscos imprevisibles que poden afectar os seus rabaños, colleitas ou producións, e que, polo tanto, comprometen a súa viabilidade económica. Eliminar a incerteza económica derivada destas circunstancias é un dos grandes desexos do sector produtor e das administracións públicas. O seguro agrario é un factor de enorme estabilidade do sector, un instrumento para garantir as rendas agrarias.

Na produción vexetal destacan riscos como a posibilidade da destrución das colleitas ou das masas arbóreas como consecuencia de sinistros meteorolóxicos extemporáneos, os cales teñen unha tendencia a aumentar a medida que evoluciona o cambio climático. As xeadas, salpedreses, inundacións, temporais ou secas son algunhas das principais causas de perdas económicas. Por outra banda, están as enfermidades ou accidentes fortuítos que afectan as mandas, e que supoñen a perda de animais ou das súas producións nas explotacións gandeiras.

Os seguros son voluntarios, pero a Consellería do Medio Rural considera imprescindible o aseguramento nunha explotación agraria profesional, polo que incentiva a súa contratación coa súa inclusión nos criterios de concesión das axudas agrarias, como as dedicadas á incorporación de mozos á actividade agraria ou a investimentos nas explotacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS PEMES DE TRANSFORMACIÓN DE PRODUTOS DO MAR BENEFICIARÁNSE DE 14 M€ PARA MELLORAR AS SÚAS INSTALACIÓNS

- O Consello da Xunta deu conta do informe destas axudas correspondente á terceira convocatoria Fempa, e que serán publicadas no DOG ao longo deste mes
- Nas dúas anteriores financiáronse 93 proxectos que supuxeron un investimento superior aos 25 M€
- As accións subvencionadas están destinadas á optimización dos procesos de transformación, á innovación no procesado do peixe, á adquisición de equipamentos ou melloras de eficiencia enerxética, entre outras
- O Consello da Xunta tomou razón hoxe da convocatoria deste ano de axudas para investimentos en pequenas e medianas empresas de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, dotada con 14 millóns de euros.

Entre as accións que son obxecto de apoio, cofinanciadas por terceira vez co Fondo Europeo Marítimo, Pesca e Acuicultura (Fempa), está a optimización dos procesos de transformación, a innovación no ámbito da industria de procesado de peixes e na transformación de moluscos, a ampliación e adquisición de equipamentos nas plantas deste sector e melloras en materia de eficiencia enerxética, entre outras.

Os beneficiarios destas subvencións son as pequenas e medianas empresas de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura que realizan investimentos que contribúen, entre outras cuestións, a aforrar enerxía; mellorar a seguridade; optimizar os procesos de transformación; contar con novos produtos e procesos ou mellores sistemas de xestión.

Achegas

Este tipo de apoios teñen un carácter estratéxico no senso de que permiten ás pemes apostar pola innovación e mellorar a súa rendibilidade en termos de competitividade. Concretamente, a Xunta subvenciona ata o 50 % dos investimentos que realicen, podendo elevarse ata o 100 % no caso de que cumpran os criterios como seren de interese colectivo o ter un beneficiario tamén colectivo, así como características innovadoras ou garantir o acceso do público aos seus resultados.

Desde a primeira convocatoria destas axudas ao abeiro do Femp, en 2016, ata 2025 co Fempa, Galicia leva aprobados preto de 144 millóns de euros en achegas para o desenvolvemento de 486 proxectos de mellora das instalacións empresariais.

No marco do actual fondo europeo, é dicir, nas dúas convocatorias anteriores, a Administración autonómica apoiou 93 proxectos cunha axuda pública superior aos 25 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MOBILIZA 6,4 M€ PARA MELLORAR A SEGURIDADE E A EFICIENCIA DOS BUQUES PESQUEIROS GALEGOS

- Estas axudas permitirán modernizar a frota, reforzar a seguridade a bordo e avanzar na transición enerxética do sector
- A convocatoria inclúe investimentos clave para reducir o impacto ambiental da pesca e aumentar o valor engadido das capturas

O Consello da Xunta deu o visto e praxe ao informe da orde pola que se establecen as bases e se convocan para o ano 2026 as axudas destinadas a investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros, cun orzamento total de 6,4 millóns de euros, cofinanciados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa).

Esta liña de apoios ten como obxectivo impulsar unha frota máis segura, eficiente e competitiva, favorecendo investimentos que melloren as condicións laborais e de seguridade das tripulacións, reduzan o impacto ambiental da actividade pesqueira, incrementen a eficiencia enerxética e contribúan á mitigación do cambio climático, así como aqueles dirixidos a aumentar o valor engadido e a seguridade alimentaria dos produtos do mar. As axudas están dirixidas a propietarios de buques pesqueiros con porto base en Galicia, cun enfoque especial na pesca costeira artesanal.

A orde da cobertura a actuacións tales como a modernización de buques, a instalación de equipamentos de seguridade e salvamento, melloras na habitabilidade e conectividade a bordo, investimentos en sistemas de propulsión máis eficientes e menos contaminantes, auditorías enerxéticas, adaptacións das artes de pesca para aumentar a selectividade ou proxectos orientados á valorización das capturas. A publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* está prevista para este mes de xaneiro, e contará cun prazo dun mes para a presentación das solicitudes.

Balance

Durante o período do anterior Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (Femp) 2014-2020 financiáronse na comunidade 394 proxectos de investimento a bordo por un importe total superior aos 6 millóns de euros, cunha media duns 65 proxectos por convocatoria. A entrada en vigor do Fempa supuxo un salto cualitativo e cuantitativo, ao permitir novas liñas de axuda vinculadas ao aumento do arqueo bruto para melloras en seguridade e eficiencia enerxética.

Na primeira convocatoria FEMPA, correspondente a 2025, concedéronse 129 proxectos por preto de 7,9 millóns de euros, duplicando amplamente a media do período anterior e consolidando unha tendencia á alza no interese do sector por modernizar a frota e avanzar cara a unha pesca máis sustentable.